



María Díaz García, “Marujita la del hielo”

Toda unha vida no Berbés

Marujita naceu en Vigo en 1934. Filla do conserxe da lonxa, criouse na Ribeira do Berbés e comezou a exercer a súa profesión en Frigoríficos de Vigo por volta dos anos 70; cobraba a venda de xeo, tanto a particulares como a empresas.

Orgullosa, comenta que estudou no Colexio Mezquita e logo cursou estudos de comercio, labores, corte e confección. Veu parar na ribeira de Vigo porque ía axudar a seu pai, ao que sempre estivo moi unida; almorzaba con el cando tiña vacacións, ou recollía peixe que lle ofrecían os armadores do porto e que ela levaba moi agradecida para comer na casa coa familia.

Única muller de tres irmáns, comezou a traballar en Frigoríficos de Vigo, empresa constituída a principios dos anos 40, grazas a un dos seus irmáns, que era xefe de persoal. Marujita suplía o cobrador da empresa nos meses de agosto, cando este marchaba de vacacións, ata que, cando se xubilou, ela ocupou o seu posto: foi o 2 de agosto de 1980, e ata hoxe, que con 88 anos, continúa de alta como traballadora. Como ela di, *«levo toda a vida vendo a vida do peixe»*.

Daquela, conta, o xeo vendíase en barras e ela emitía vales que logo se facturaban mensualmente. Hoxe en día, emite tickets no que ela chama *«a pantalla panorámica»*, e o xeo véndese principalmente en escamas para os buques de Gran Sol, panaderías, empresas e almacéns.

Lembra con nostalxia a antiga lonxa, onde hoxe está Casa Botas e Pescados Maravilla, *«era preciosa»*, con moitísimas especies e moitísima boa xente, nunha época de abundante pesca de castaña, bonito, ollomol e sardiña.

Actualmente, de luns a venres, un dos seus compañeiros recollea ás 7:30 da mañá e, despois de almorzar en Paulino, comeza a súa xornada laboral no Porto. Afeccionada á calceta e incondicional do Celta de Vigo, Marujita segue sendo unha compañeira exemplar e unha figura emblemática e respectada no Berbés; alí, quen a coñece destaca a súa cabeza para os números e a súa gran capacidade para cobrar e lembrar *«quen paga ben e quen non»*.



Non esqueceu nin esquecerá xamais a moitas persoas coas que se relacionou durante toda a súa vida: José Nogueira, Javier Irala, Jose Antonio Llorca e Dario Iglesias, os seus xefes; e outros como Julito Vieira, José Pereira, Claudino, Julián Trapero, os Chuvias, Luís «o cobrador de Coroa», Pepe Luras, Amable Polo, Brea, Aquilino Álvarez, Ramallo, Peón, Serafín, Moncho, Carlos Losada, Eladio, Suso, José Antonio, Longas, Cidrás, José Ramón, Bernardo Landriz, Ramiro Gordejuela, Antonio Graña, Manuel Vieira, Angel Molares, Manuel Pérez, Reinaldo...

Sempre traballou entre homes e sempre se sentiu moi querida no Porto, onde foron e son unha gran familia.


Marujita converteuse nunha das persoas máis queridas e coñecidas do Porto de Vigo, e desde o 2005 a rúa máis grande do Berbés leva o seu nome.



Homenaje a Marujita: 41 años de servicio portuario

La Autoridad Portuaria quisiera rendir homenaje por su veintidós años de servicio a una de las trabajadoras más destacadas del puerto vigoés, María "Marujita" Díaz. Al servicio del puerto durante 41 años, mucho de su actividad en el puerto de Vigo, el trabajo de María con la dirección del puerto le permitió tener relación con todos los trabajadores y empresas.

Nació en 1927 e foi o primeiro conserxe de la zona del puerto, en su personal llevaba el control diario de los buques de buques que entraban y salían al



"Marujita" ayer durante el homenaje de la Autoridad Portuaria.



#incansables #loitadoras #traballadoras #amables
#humildes #compañeiras #fortes #esenciales

FUNDAMAR

Fundación para la Pesca y el Marisqueo

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

